

GALEGO

O CASTIÑEIRO

O castiñeiro (*Castanea sativa*) é unha árbore de folla caduca. É unha das especies arbóreas co tronco con maiores proporcións. A súa madeira utilízase para a fabricación de mobles, apeiros de labranza, portas...

As súas follas son de grandes dimensións (20 cm) en forma de punta de lanza e co borde aserrado. A súa cor é verde escura moi brillante pola cara e algo máis pálida polo envés. No outono comezan a cambiar de cor, amarelean ou vermellan, ata caer a mediados de novembro.

As súas flores masculinas florecen no mes de xuño; son uns longos filamentos de intensos tons amarelos e profundo aroma. As flores femininas nacen un pouco máis tarde, ao redor dun mes, son pequenas e achéganse ás bases das masculinas.

O seu froito agáchase no interior de ourizos esféricos, normalmente tres castañas en cada ourizo, e maduran en outono.

Un mesmo castiñeiro produce castañas de diferentes formas e calidades:

- ♣ Barais: Duras pero que adoitan ser moi saborosas.
- ♣ Bolecos: Castañas non comestibles, pequenas e esmagadas que teñen case só pel.
- ♣ Bravas: Son os froitos dos castiñeiros sen enxertar.
- ♣ Temperás: Redondas e pequenas, nacen antes que as outras.
- ♣ Rañudas: Alongadas e claras.



1. Que tipo de texto é?

Un resumo

Un documento informativo

Unha noticia

Un conto

2. As árbores poden ter follas caducas ou perennes. Emparella.

- | | | |
|----------------------------|-----------------------|--------------------------------|
| Perden todas as follas | ☐ | ☐ Caducas |
| Non perden todas as follas | ☐ | ☐ Perennes |

3. O castiñeiro pode quedar sen follas? Por que? Escolee a resposta correcta.

4. Sabes cal é a folla do castiñeiro?



5. En que parágrafo podes atopar esta información?

- | | | |
|------------------------------|-----------------------|--------------------------|
| Como son as súas follas. | ☐ | ☐ 1º |
| Onde se agocha o seu froito. | ☐ | ☐ 2º |
| Tipos de castañas. | ☐ | ☐ 3º |
| Que é un castiñeiro. | ☐ | ☐ 4º |
| Como son as flores. | ☐ | ☐ 5º |

6. Cales son as oracións verdadeiras?

A madeira do castiñeiro non serve para nada.

As súas flores masculinas florecen no mes de xuño.

As flores femininas nacen un pouco antes.

Un ourizo só ten unha castaña.